



**CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO**  
**DATA 25/08/2022**

Sras./Sres. Asistentes:

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**VOGAIS**

ÁLVARO CAROU GARCÍA

MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZALEZ

**TÉCNICO**

EMILIO PUMAR DURÁN

**SECRETARIO/A**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:00 do día 25/08/2022 reúnen-se en primeira convocatoria os/as membros do Consello da Xerencia de Urbanismo que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de levar a cabo a sesión.

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 28 de xullo de 2022, que se aprobou por unanimidade.

**VISTOS OS INFORMES OBRANTES NOS EXPEDIENTES ACÓRDASE INFORMAR AS SEGUINTE SOLICITUDES:**

**COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS MENORES**

PRP2022/2807

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Marta Benítez Pelayo en representación de COM. PROP. CAMPOS ELÍSEOS, para obras de mellora accesibilidade e renovación de ascensor no inmovible sito na Rúa García Lorca nº 1-3 (Ref. Cat. 9257803NH1195N).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da

instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2022/000563)

#### PRP2022/2809

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Spacio Lorenzo SL en representación de Dna. Marta María García-Brabo Beiras, para obras en piso (reforma de cociña e substitución parcial de carpintería exterior) na Rúa Castelao nº 7-6º C1 (Ref. Cat. 9360001NH1196S0123PD).

Ó tratarse dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2022/000619)

#### PRP2022/2810

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Ana Mª Barcala Gil en representación de Dna. Mª Carmen Gil Bartomé, para arranxo de tellado, sen modificación de volume nin estrutura, na vivenda unifamiliar na Rúa do Vento nº 19 - Cea. (Ref. Cat. 1359607NH2115N0001ZK).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2022/000655)

#### PRP2022/2811

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Alba Millán Abal, para obras en piso (reforma de acabados interiores, substitución de carpinterías interior e exterior) na Avda. Dr. Touron nº 29-7º A (Ref. Cat. 9254104NH1195N0017TT).

Ó tratarse dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2022/000656)

#### PRP2022/2812

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M<sup>a</sup> Carmen Miguéns Teira, para reparación de muro e desbroce na Rúa Peirao nº 1 - Vilaxoán (Ref. Cat. 7452803NH1175S).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano.

Dar conta ao Departamento de Disciplina Urbanística ós efectos do expte. DISC/2019/33 de inmovible en mal estado, actualmente en tramitación. (Expte. URB/2022/000612)

#### PRP2022/2813

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Jorge J. Suárez Navia, para obras reparación e mellora de terraza na Rúa Veiga do Valo nº 5 - Cornazo (Ref. Cat. 9245502NH1194N0001YZ).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2022/000669)

#### PRP2022/2814

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Nohemí Rodríguez de Robles Vázquez, para cerre de parcela rústica, con postes e arame sen necesidade de retranqueos a viais, e rampla de acceso en terra, no lugar de Aguillán Polígono 34 parcela 267 (Ref. Cat. 36060A034002670000GL).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Respectaranse as servidumes que existan.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2022/000670)

#### PRP2022/2825

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Manuel Millán Armas en representación de Dna. Begoña Paz Varela, para cerre entre conlindantes, sen invadir a aliñación, na Rúa Pedral nº 44 - Rubiáns (Ref. Cat. 1550711NH2115S0001LE).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Respectaranse as servidumes que existan.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2022/000604)

### LICENZAS DE OBRAS MENORES

#### PRP2022/2815

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Ana María Salgado López en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA, para obras de ampliación na rede eléctrica na Rúa Veiga do Mar - Vilaxoán (Nº SDG: 248619110214), debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. ( Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - ,

- solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
  - **Reposicións**

#### GABIA TRANSVERSAL

Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse o fresado **Da gabia e 3 m a cada extremo**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

#### GABIA LONXITUDINAL

Para a reposición da gabia lonxitudinal do vial afectado, deberá procederse o fresado **DA METADE DO CARRIL**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

Para a reposición do vial estarase o disposto na **ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa**, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras “vinculadas” a licenza de obra concedida.

- O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
- A fianza de 500 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Exp. URB/2022/000394)

PRP2022/2816

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Ana María Salgado López en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA, para obras de ampliación na rede eléctrica na Rúa Montecelos nº 16 - Sobradelo (Nº SDG: 638222010052), debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. ( Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
- **Reposicións**

#### GABIA TRANSVERSAL

Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse o fresado **Da gabia e 3 m**

a cada extremo, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

#### **GABIA LONXITUDINAL**

Para a reposición da gabia lonxitudinal do vial afectado, deberá procederse o fresado **DA METADE DO CARRIL**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

Para a reposición do vial estarase o disposto na **ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa**, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras “vinculadas” a licenza de obra concedida.

- O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
- A fianza de 500 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Exp. URB/2022/000397)

PRP2022/2817

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Ana María Salgado López en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA, para obras de ampliación na rede eléctrica na Rúa Pedramogueira s/n - Sobrán (Nº SDG: 638221010140), debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. ( Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
- **Reposicións**

#### **GABIA TRANSVERSAL**

Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse o fresado **Da gabia e 3 m a cada extremo**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

#### **GABIA LONXITUDINAL**

Para a reposición da gabia lonxitudinal do vial afectado, deberá procederse o fresado **DA METADE**

**DO CARRIL**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

Para a reposición do vial estarase o disposto na **ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa**, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras “vinculadas” a licenza de obra concedida.

- O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
- Cumprirase estritamente as condicións establecidas na autorización sectorial de AUGAS DE GALICIA (Clave DH.W36.82108)
- A fianza de 5.000,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Exp. URB/2022/000398)

PRP2022/2818

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Ana María Salgado López en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA, para obras de ampliación na rede eléctrica na Rúa Arz. Lago nº 1 (Nº SDG: 638221060205), debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. ( Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
- **Reposicións**
- **REPOSICION DO VIAL COA MESMA TIPOLOXÍA QUE O EXISTENTE.**
- Para a reposición do vial estarase o disposto na **ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa**, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras “vinculadas” a licenza de obra concedida.
- O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
- Cumprirase estritamente as condicións establecidas na autorización sectorial da consellería de

Cultura, Educación e Universidade ( Expte 932/22).

- A fianza de 5.000,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Exp. URB/2022/000490)

#### PRP2022/2819

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Ana María Salgado López en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA, para obras de ampliación na rede eléctrica na Avda. Vilanova nº 24 - Vilaxoán (Nº SDG:UD638221060189), debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. ( Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.

#### Reposicións

- Reposición da beirarrúa coa mesma tipoloxía que a existente.
- Para a reposición do vial estarase o disposto na **ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa**, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras “vinculadas” a licenza de obra concedida.
- O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
- Achega recibo de presentación de DR ante augas de Galicia (NÚMERO ENTRADA 2022/509237) de data 25.02.2022.
- Cumprirase estritamente o establecido na AUTORIZACIÓN da Xunta de Galicia (A.X.I. da Axencia Galega de Infraestruturas dependente da C.I.M.) (EXPTE IF204A/PO/2022/0052). (Exp URB/2022/000644)

#### PRP2022/2820

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Manuel López Diéguez para acometida ás redes de auga e saneamento para uso doméstico na vivenda sita na Rúa Pereira nº 6 - Sobradelo (Ref. Cat. 8251317NH1185S0001HL), baixo as seguintes condicións:

#### CONEXIÓN REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA



- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.

### **CONEXIÓN REDE DE SANEAMENTO (PLUVIAIS E FECAIS)**

- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública, disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- O ramal de acometida será de tubo de PVC **mínimo de Ø 160 mm.**
- A conexión realizarase a pozo de rexistro.
- A recollida de Augas Pluviais realizarase en rede independente.
- A fianza de 200 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2022/000574)

#### **PRP2022/2821**

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Adriana Miguens Navia, para acometida á rede de auga para servizo doméstico na Rúa fonte da galufa nº 16 - Cornazo (Ref. Cat. 0342409NH2104S0001JT), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Exp. URB/2022/000658)

#### **PRP2022/2826**

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Serafín Guillán Sayáns, para reforma de rampa de acceso a vivenda na Rúa "8" - A Rosaleda nº 12 (Ref. Cat. 815301NH1185S0001ML), baixo as seguintes condicións:

1. Realizarase un replanteo dos traballos, con localización dos servizos municipais afectados previamente ó inicio dos traballos. Este replanteo farase cos Servizos Técnicos Municipais.
2. No enlace da rampa de acceso coa vía pública, **deberase manter a rasante actual do vial.**
3. As obras executarase cumprindo tódalas condicións de garantía e seguridade impostas polas disposicións vixentes.
4. A fianza de 200 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2022/000602 ).

## **LICENZAS DE SEGREGACIÓN**

### **PRP2022/2827**

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Fátima Gondar Serantes, para segregación de 2,00 m<sup>2</sup> da finca da súa propiedade, situada na Rúa A Lagoa nº 55 (Ref. Cat. 7443645NH1174S0001VZ), de conformidade coa documentación achegada e documento de cesión asinado coa data 09/11/2016, aceptando dita cesión, aos efectos de proceder á súa incrición a favor do Concello no Rexistro da Propiedade. (Expte. URB/2022/000624).

### **PRP2022/2828**

Informar favorablemente a solicitude de D. Daniel Crespo Vaquero, para segregación de 54,79 m<sup>2</sup> da finca da súa propiedade, situada na Camiño a Renza - Sobrán (Ref. Cat. 7735302NH e 7735303NH), de conformidade coa documentación achegada e documento de cesión asinado coa data 16/09/2020, aceptando dita cesión, aos efectos de proceder á súa incrición a favor do Concello no Rexistro da Propiedade. (Expte. URB/2022/000641).

## **LICENZAS DE OBRAS MAIORES**

### **PRP2022/2829**

Informar favorablemente a solicitude de renuncia da licencia de demolición de edificacións e construción de edificio outorgada por Resolución de Alcaldía do Concello de Vilagarcía de Arousa do 24.11.2009 a PROIMAT GALICIA SA, na Pza. Ravella nº 20 e Rúa Ramón y Cajal nº 9 .

Dar conta ao servizo de recadación municipal aos efectos valorar a solicitude de devolución dos importes abonados en concepto de taxa, ICIO e fianzas.

Dar conta ao departamento de disciplina urbanística ao obxecto do impulso do expediente disciplinario polo deficiente estado de conservación da edificación. (Expte. URB/20222/000217) (Antecedente 02/2008)

### **PRP2022/2847**

Dar conformidade ao proxecto de execución presentado por Dna. Carolina Couselo Fariña en representación de RODRÍGUEZ COUÑAGO DE REDONDELA SL, para construción de edificio para 20 vivendas, local, garaxe e trasteiros (Ref. Cat. 9254105NH1195N0001QG), redactado pola Arquitecta Dna. Carolina Couselo Fariña, visado polo COAG coa data 19.07.2022, xunto coa documentación achegada e que foi solicitada por Resolución de Alcaldía de data 19/05/2022. (Exp. URB2021/000560)

### **PRP2022/2852**

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Manuel Durán Muñiz, para instalación de piscina prefabricada de uso privado en vivenda unifamiliar en Rúa Brugueira, nº 30, con ref. cat: 36060A042006350000GK, segundo "Proxecto instalación de piscina prefabricada para uso privado en vivenda unifamiliar", redactado polo arquitecto don Raimundo Ferreirós Ferro, visado polo COAG con data 16.11.2021 e "Resposta ao requirimento. Corrección da memoria urbanística", redactada polo arquitecto don

Raimundo Ferreirós Ferro, asinada electrónicamente o 06.04.2022.

A concesión da licenza condicionarase á presentación por parte do titular no prazo de seis meses a contar desde a notificación da resolución da documentación xustificativa da inscrición no Rexistro da Propiedade da vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas na presente resolución:

Uso autorizado: Piscina.

Superficie parcela: 2.010 m2.

Superficie construída: 7,20 m x 3,30 m.

Ocupación: Non computa.

Altura máxima: Non computa.

Advírtese que a falta de acreditación do cumprimento da condición determinará a perda de eficacia da licenza concedida e a revogación da mesma por parte do Concello.

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento ( Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente ( Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaránse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- Rematadas as obras deberá comunicarse a súa finalización ao ente municipal para o que se achegará certificado final de obras asinado polo director facultativo. (Expte. URB/2021/001055)

#### PRP2022/2855

Informar favorablemente unha prórroga de SEIS MESES meses para o inicio e TRES ANOS para o remate das obras de construción de 3 edificios para 119 vivendas na Avda. Rosalía de Castro , parcela nº 1 do proxecto de compensación ETD-16, actualmente Rúa da Concha nº 2, licenzas que foron concedidas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 02/10/2007 a "Grupo Dosean SL" e transmitida a titularidade a favor de ARQURA HOMES FONDO DE ACTIVOS BANCARIOS por Resolución de Alcaldía de data 31/01/2022. (Expte. URB/2022/000030)

#### ASUNTOS VARIOS

#### PRP2022/2853

Informar favorablemente a transmisión da comunicación previa de obras de cambio arranxo de

fachada con sistema SATE en vivenda unifamiliar na rúa Lago de Rubiáns (Ref. Cat.1634701NH2113S0001DG) formulada por dona María Josefa Rodríguez Iglesias, aceptada por Resolución de Alcaldía do Concello de Vilagarcía de Arousa do 31.01.2022, a favor de dona María José Fraga Rodríguez. (Expte. URB/2022/000013)

## TERRAZAS

PRP2022/2823

Dáse conta do erro detectado na Resolución de Alcaldía de data 4 de agosto de 2022 para instalación de terraza vinculada ao establecemento "AS TAPAS DE LAURA" en relación á validez da autorización, quedando redactada da seguinte maneira:

**"Primeiro:** Conceder, conforme aos respectivos expedientes, sen mingua do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a seguinte licenza de obra:

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Laura Sánchez Barros, para instalación de terraza de 20 m<sup>2</sup> con 6 mesas e 4 cadeiras cada unha, cun aforo total de 24 persoas, vinculada ao establecemento denominado "AS TAPAS DE LAURA", sito na Rúa Arcebispo Xelmirez nº 36 e baixo as seguintes condicións:

- Consonte o artigo 24 da Ordenanza de Terrazas, finalizado o horario de funcionamento da terraza, deberán retirarse todos os seus elementos da vía pública e depositarse en local privado.
- Ao aforo establecido no parágrafo anterior aplicaráselle as limitacións que en cada momento se establezan en función dos niveis de risco sanitario.
- Tódolos elementos que se instalen, incluso os que non se contemplan na solicitude como anuncios de menús, elementos decorativos, etc... deberán respectar os límites de superficie autorizados.
- Tódolos elementos deberán garantir a súa estabilidade, sen practicar furos nin ancoraxes no pavimento da vía pública.
- O solicitante será responsable de que o seguro de Responsabilidade Civil estenda a súa cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.
- Tamén será responsabilidade do interesado o cumprimento dos horarios establecidos así como que os clientes non dificulten a libre circulación de peóns. A estes efectos deberase respectar o itinerario peonil de 1,80 m ao longo a beirarrúa.
- Os elementos de mobiliario urbano (bancos, árbores, fontes...etc), se os houber, deberán permanecer libres e dispoñibles para uso público.
- A ocupación e aforo que se informa deberase considerar máximo e aplicar sobre tales parámetros as restricións que en cada momento sexan de aplicación por motivo da emerxencia sanitaria.
- A validez da autorización é anual abrangendo dende o 01 de xaneiro ao 31 de decembro de 2022. Finalizado o prazo da mesma, para renovar a autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretenden modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.
- A veracidade dos datos aportados é responsabilidade do solicitante. A autorización quedará sin efecto en caso de comprobarse algunha incorrección ou falsidade nos documentos da solicitude.
- Deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación.
- Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras (publicada no núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19.10.2016).
- Quedan expresamente prohibidas as actuacións musicais en directo e a instalación de equipos

audiovisuais visibles ou audibles dende os espazos de terrazas.

- Darase traslado do acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expte. T-2022/000001)"

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:21 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.